

AQUEL VERÁN EN PARÍS

1570

Valentine Cadic, 2025

ESTREA EN NUMAX: 08.08.2025 | V.O.S.E. | 77 min | + 7

Francia, verán de 2024. En pleno apoxeo dos Xogos Olímpicos, Blandine chega a París desde Normandía para ver as competicións de natación, reencontrarse coa súa media irmá Julie despois de dez anos sen verse e coñecer a súa pequena sobriña Alma. Afeita á tranquilidade, o ritmo frenético da cidade desorientaa. Pero entre reencontros, dúbidas e descubrimentos, esta viaxe convértese para Blandine nunha oportunidade inesperada para reconectar consigo mesma.

«Herdeira sen fisuras do cinema de
Éric Rohmer. Filme de personaxes
que se transforman en persoas
grazas á maxia do cinema»

Diego Brodersen, PÁGINA 12



Entrevista con Valentine Cadic: «Interésame explorar a soidade feminina como espazo de descubrimento»

En que momento decidiches filmar durante este período tan particular e único como os Xogos Olímpicos en París? Parecíame interesante inscribir unha ficción nun contexto extraordinario. Quería entender como un acontecemento deportivo de tal magnitude podía alterar a vida de quen non están directamente involucrados. Primeiro iniciamos unha fase de documentación con Mariette Désert, a miña coguionista, na que entrevistamos a deportistas que participaran nos Xogos de Tokio ou Londres, para que nos contasen a súa experiencia. Despois, empecei a escribir anticipando o que podería suceder. Sabía que durante a rodaxe habería que adaptarse a moitos imprevistos. Unha das miñas referencias foi o fotógrafo Martin Parr, pola súa mirada excéntrica sobre as multitudes.

Podes falarnos da preparación e do dispositivo de rodaxe que puxeron en marcha? Con Mariette investigamos todas as actividades previstas durante os Xogos. Houbo un traballo importante de planificación para integrar a rodaxe neste evento fóra do común. Organizamos o plan de traballo para gravar todas as escenas relacionadas cos Xogos na primeira quincena de agosto, e contemplamos a posibilidade de filmar durante os Paralímpicos en setembro se non chegabamos a tempo. Houbo que prever restricións de acceso, permisos, desprazamentos. Formamos un equipo reducido para manter flexibilidade e poder reaccionar. Aínda así, houbo sorpresas: por exemplo, unha escena na que o personaxe de Blandine se encontra cun xornalista estaba prevista durante a carreira de natación, que foi cancelada pola mala calidade da auga. Pero decidimos rodala igualmente; había menos xente e puidemos facer varias tomas.

A película inscríbese na tradición do cinema de autor francés que segue cineastas como Rohmer ou Rozier e que nace cara a 2010. Como te marcaron esas influencias? Foi nesa época cando descubrín o cinema que me gustaba. Empecei como actriz e estudei cinema na Universidade Paris 8. Foi aí onde descubrín as películas de Justine Triet, Guillaume Brac ou Claire Simon. Despois cheguei a Rohmer, Rozier e Varda, que evidentemente tamén me influenciaron.

Blandine Madec parece un alter ego, unha musa. Como vos coñecestes? Coñecémonos hai oito anos nunha curta onde actuabamos xuntas. Despois vina en teatro e quixen propoñerlle un proxecto para cineastas emerxentes na que propuxen para o papel principal. Alí descubrín a súa gran capacidade para interpretar e improvisar. Cando empecei a escribir a longa, propúxenllo e aceptou enseguida. É un personaxe complexo, difícil de definir. Blandine ten unha gran facilidade para cambiar de ton, do humor á seriedade. Con Mariette primeiro, e logo con ela, buscamos o ton xusto para ese carácter lixeiramente excéntrico. A dificultade era non desconnectala da contorna mantendo o lado burlesco. É un personaxe tenro e divertido á vez.

Que che interesaba deste personaxe feminino, complexo, algo fóra de cadro? Interesábame moito a súa soidade: a súa mirada un pouco perdida no medio da multitude, o que xera descubrimentos, encontros, mesmo situacións cómicas. Esa mirada actúa como espello da sociedade. Quería xogar coa presión de “vivir o momento presente”. Por iso usamos cores vivas, unha luz solar case violenta, para mostrar a presión que ela sofre sen crer realmente nela. Tamén me gustaba que o espectador non o soubese todo desde o principio, senón que a fose descubrindo. No cinema, as mozas solitarias adoitan ir asociadas ao drama ou ao perigo. Interésame explorar esa soidade como espazo de descubrimento.